



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Aprobación definitiva Orzamento 2024

O Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 19.07.2024 aprobou inicialmente o proxecto de Orzamentos para 2024 integrado polo orzamento xeral, pola plantilla de persoal e polas bases de execución.

Con data 26.07.2024 publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 172 anuncio de exposición pública. Transcorrido o prazo previsto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen que se presentaron reclamacións, elévase a definitivo o orzamento xeral, a plantilla de persoal e as bases de execución do Concello de Abadín para o exercicio 2024.

Conforme ao artigo 169 do devandito Texto Refundido e ao artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

A.- Operacións Correntes

Capítulo I: Gastos de Persoal	486.800,00 €
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	1.809.600,00 €
Capítulo III: Gastos financeiros	1.300,00 €
Capítulo IV: Transferencias correntes	132.750,00 €

B.- Operacións de Capital

Capítulo VI: Investimentos reais	2.093.500,00 €
----------------------------------	----------------

TOTAL GASTOS

4.523.950,00 €

ESTADO DE INGRESOS

A.- Operacións Correntes

Capítulo I: Impostos directos	1.025.000,00 €
Capítulo II: Impostos indirectos	28.000,00 €
Capítulo III: Taxas, Prezos Públicos y outros Ingresos	167.100,00 €
Capítulo IV: Transferencias correntes	1.357.850,00 €

B.- Operacións de Capital

Capítulo VII: Transferencias de capital	1.946.000,00 €
---	----------------

TOTAL INGRESOS

4.523.950,00 €

PLANTILLA DE PERSOAL

Persoal Funcionario.

Escala: Funcionarios con habilitación de carácter nacional				
Denominación	Grupo	Nº prazas	Nivel	Situación
Secretaría-Intervención	A1	1	26	En acumulación

Escala: Administración Xeneral				
Subescala: Auxiliar				
Denominación	Grupo	Nº prazas	Nivel	Situación
Auxiliar Administrativo	C2	2	18	Interinidade

Persoal Laboral.

Denominación	Nº prazas	Carácter	Situación
Auxiliar de biblioteca	1	Temporal	Ocupada
Peón-conductor	1	Temporal	Ocupada
Conserxe	1	Temporal	Ocupada
Técnico de Educación Infantil	2	Temporal	Ocupada
Chófer conductor	2	Temporal	Ocupada
Axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	1	Temporal	Vacante
Traballadora Social	1	Temporal	Ocupada

A plantilla de persoal laboral temporal pode ser obxecto de modificación consecuencia da concesión de subvencións da comunidade autónoma, da deputación provincial ou de outras entidades que financien a contratación deste tipo de persoal ou ben por necesidades do Concello para a execución de actuacións determinadas.

Contra o devandito acordo definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS (2) meses a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, nos termos previstos no artigo 170 e 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Abadín, 20 de agosto de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2521

BURELA*Anuncio*

Por acordo plenario de data 1 de agosto de 2024 aprobouse inicialmente a modificación puntual do catálogo de Postos de Traballo do Concello de Burela (RPT) coa finalidade de incorporar unha nova descrición funcional do posto de administrativo/a que figura na RPT co código 1004, consonte ao indicado no Anexo I.

O que se publica concedendo un trámite de audiencia ás persoas interesadas mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poda presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia ás persoas interesadas e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei do Emprego Público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Burela, 21 de agosto de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 2522

Anuncio

Por acordo plenario de data 1 de agosto de 2024 aprobouse inicialmente a modificación puntual do Anexo de persoal do orzamento xeral do Concello de Burela coa finalidade de adecuar este nos termos de revisión do Complemento Específico actualmente asignado ao posto de Administrativo/a que figura na RPT co código

1004, que quedaría fixado nunha contía de 3,996,58 euros/ano (ou contía actualizada correspondente e resultante do incremento retributivo aplicable, en cada momento, ao abeiro do disposto ao efecto pola normativa básica estatal).

O que se publica por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio inserido no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, durante o que os lexitimados poderán presentar reclamacións; que de non existir nin presentarse durante este trámite de información pública, implicará que a aprobación inicial quede automaticamente elevada a definitiva. No caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas e a súa aprobación definitiva. E unha vez aprobada definitivamente será obxecto de publicación no BOP, da que se derivará a súa entrada en vigor efectiva, e remitirase copia aos órganos competentes da Administración do Estado e da Administración Autonómica.

Burela, 21 de agosto de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 2523

FOZ

Anuncio

Non habéndose presentado reclamacións durante o prazo de exposición pública, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial da entidade de data 30 de maio de 2024, aprobatorio da ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DO LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, cuxo texto se fai íntegro en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DO LIXO E RESIDUOS SOLIDOS URBANOS

ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.-

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 112 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 s) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a “Taxa por recollida e tratamento do lixo e residuos sólidos urbanos” que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.-

1. Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida domiciliaria de lixos e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.
2. A tal efecto considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, se se exclúen de tales conceptos os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materia e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, prolifácticas ou de seguridade.
3. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas que estean a menos de 200 metros do colector, con independencia de que estean ou non habitadas ou utilizadas, e de que se depositen ou non residuos para a súa recollida. As vivendas en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente polo departamento de urbanismo do Concello estarán exentas.
4. Cando os locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos suxeitos á presente taxa obteñan a baixa da súa licenza de actividade, estarán unicamente obrigados ao pagamento das tarifas correspondentes a vivendas ou aloxamentos non comerciais. Non obstante, os propietarios destes locais quedan tamén obrigados a comunicar ao Concello calquera modificación ou inicio de novas actividades que se realicen nos mesmos.

ARTIGO 3º.-SUXEITOS PASIVOS.-

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios, usufrutuarios, habitacionistas, arrendatarios e incluso precarios, dos locais e vivendas en que se preste o servizo.
2. Terá consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º.-RESPONSABLES.-

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 a 43 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.-COTA TRIBUTARIA.-**TARIFAS**

GRUPO	EUROS/BIMESTRE
01 Vivendas aloxamentos e locais non comerciais (habitadas ou deshabitadas)-	14,67 €
02. Profesionais (avogados, arquitectos, asesorías, médicos, farmacias etc)	44,13 €
03. Pequeno comercio, (mercerías, paqueterías, bazar, pastelería, librería, zapatería, deportes, carnicerías, roupa, estanco, regalos, peixerías, flores, electrodomésticos, comestibles, etc), ludotecas, perruquerías, ximnasia,	44,13 €
04. Organismos oficiais e entidades bancarias (Costas, correos, Facenda, Extensión agraria, Casa do Mar etc)	58,94 €
05. Talleres e locais industriais, clínicas de saúde, panaderías, froiterías, quioscos	58,94 €
06. Moblerías, subministros, ferraxerías, almacéns	73,62 €
07. Bares, cafeterías, fondas, hoteis (sen restaurante), campings, areas de caravanas, casas de turismo rural, bungalows, apartoteis...	70,67 €
08. Restaurantes	88,29 €
09. Hoteis (hotel, cafetería e restaurante)	158,94 €
10. Grandes superficies (supermercados, hipermercados..)	441,66 €

Aqueles locais que poidan encadrarse en dúas ou máis tarifas das establecidas neste artigo, tributarán pola tarifa suxeita ao gravame máis alto.

ARTIGO 6º.-DEVENGO.-

1. Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliaria nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.
2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse.

ARTIGO 7º.-DECLARACION E INGRESO.-

1. Dentro dos trinta días seguintes á data na que se devindique por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando ó efecto a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro bimestre
2. Cando se coñeza de oficio ou por declaración dos interesados calquera variación dos datos figurados na matrícula, leváranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que producirán efecto a partires do período de cobranza seguinte ó da data en que se houbera efectuado a declaración.
3. O cobro das cotas efectuarase bimestralmente mediante recibo derivado da matrícula

ARTIGO 8º.-INFRACCIONS E SANCIONS.-

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao establecido no titulo IV da Lei 58-2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, así como no Real Decreto 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario

DISPOSICION FINAL.-

Para todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, así como a restante normativa aplicable segundo a materia.

Esta modificación entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor en tanto non se produza outra modificación ou derogación expresa”.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia .

Foz, 21 de agosto de 2024.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 2524

GUNTÍN

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA DE 20.08.2024

DON ANGEL PÉREZ RODRÍGUEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Conforme as Bases aprobadas por Decreto nº 2024-0142 de 06-06-2024 para a selección por concurso-oposición **persoal funcionario interino por programas, traballador/a social** e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a lista **DEFINITIVA** de admitidos e excluídos nas seguinte relación.

1. Admitidos

NOME E APELIDOS	DNI
SONIA PÉREZ VILAVELLA	***5783**
VIOLETA VÁZQUEZ BARREIRO	***4899**
UXÍA FERNÁNDEZ BATÁN	***5757**
BEATRIZ PEREIRO SORDO	***3578**

SEGUNDO- Nomear como órgano encargado da selección ao tribunal constituído por:

- Presidente: Dna. Ana de la Torre Alvaredo. Laboral Fixa. Traballadora Social do Concello de Sober
- Vogais:
 - o Dna. Marta Corral Moreira (Laboral fixa. Traballadora Social do Concello de Guntín)
 - o D. David Criado Taboada. Funcionario da Administración Local con habilitación de carácter nacional. Secretario-Interventor do Concello de Agolada)
 - o Dna. María JesúsGrandío Río (Laboral fixo. Axente de Emprego do Concello de Guntín)
- Secretaria: Dna. Nadia Díaz Vázquez (Funcionaria da Administración Local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora da Agrupación Taboada-Guntín)

Substitutos:

- Presidente: Dna. María Cruz Rodríguez Vázquez. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de O Páramo
- Vogais:
 - o Dna. María CarmenPrietoRojo. (Laboral fixa. Traballadora Social do Concello de O Páramo)
 - o Dna. Beatriz Vivirido Quevedo (Laboral fixa. Orientadora Laboral do Concello de Sober)
 - o D. José Manuel Fernández López. (Funcionario. Técnico de Xestión do Concello de Taboada)
- Secretaria: Dna. Dolores Rodríguez Gómez. Funcionaria. Traballadora Social do Concello de Taboada

SEGUNDO: Ordenar a publicación do anuncio da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Guntín www.guntin.es

TERCEIRO: convocar ao órgano encargado da selección, no salón de Plenos da Casa Consistorial de Guntín para o día 19 de setembro de 2024 as 09:00 horas para:

- Constitución do tribunal para a praza de Traballador/a Social
- Avaliación de méritos (fase concurso)
- Elaboración de exercicios e custodia

CUARTO: Convocar ao Tribunal para o día 19 de setembro de 2024, ás 12:00 horas, no salón de Plenos da Casa Consistorial de Guntín para a realización do primeiro exercicio

QUINTO: O día 19 de setembro de 2024 ás 12:00 horas, todos os aspirantes deberán presentarse para a realización do primeiro exercicio no salón de Plenos da Casa Consistorial de Guntín .

Guntín, 20 de agosto de 2024.-O ALCALDE, Angel Pérez Rodríguez. Ante min a Secretaria-Interventora, Nadia Díaz Vázquez.

R, 2525

OUROL

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta entidade correspondente ao exercicio 2023, expone ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas o día vinte de agosto de dous mil vinte e catro. Durante este prazo os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará tantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212, parágrafo 4º, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ourol, vinte de agosto de dous mil vinte e catro.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2526

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 25/2024- SUPLEMENTO DE CRÉDITO 05/2024

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 16/07/2024, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 05/2024 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con baixas ,pola cantidade de 15.000,00 euros, que se fai público resumido por capítulos:

0				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	5.699.407,79	0	5.699.407,79
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.725.556,29	-15000	5.710.556,29
3	Gastos Financeiros	82.789,60	0	82.789,60
4	Transferencias Correntes	465.870,73	15000	480.870,73
5	Fondo de continxencia	318.731,49	0	318.731,49

A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	4.846.530,69	0	4.846.530,69
7	Transferencias de Capital	741.816,64	0	741.816,64
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	193.612,12	0,00	193.612,12
Total		18.101.360,89	15000	18.116.360,89
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.834.000,00	0	2.834.000,00
2	Impostos Indirectos	740.000,00	0	740.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.905.774,06	0	2.905.774,06
4	Transferencias Correntes	4.731.804,34	0	4.731.804,34
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	85.000,00	0	85.000,00
7	Transferencias de Capital	2.575.781,43	0	2.575.781,43
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	2.598.792,04	0	2.598.792,04
9	Pasivos Financeiros	1.317.400,00	0	1.317.400,00
Total		18.101.360,89	0	18.101.360,89

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 21 de agosto de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2530

SAMOS

Anuncio

O día 21/08/2024, a Alcaldesa de Samos, mediante Decreto 2024-0150, aprobou as BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 LIMPADOR/A DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO" DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE

LUGO. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 LIMPADOR/A DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO" DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO

1.- OBXECTO

1.1. Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de un (1) Limpador/a (categoría profesional limpador/a) para seren contratados como persoal laboral temporal ao abeiro do "Programa de Reforzo do Emprego" que se incardina dentro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de 08/01/2024), para a execución de obras ou servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese social e xeral.

Os custes salariais totais do traballador/a que se contrate, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos e a indemnización por finalización de contrato se financiarán coa achega económica da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 establece no seu apartado dous: "No se poderá proceder a contratación de personal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables".

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que as mesmas se encadran dentro dos servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento de servizos públicos esenciais declarados polo Pleno Corporativo en sesión celebrada en data 03/08/2012 nas súas diversas funcións e categorías profesionais, servizos todos eles prestados directamente por este Concello en exercicio das competencias que lle son propias e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade.

1.2. Normas de aplicación:

A presente contratación laboral rexerese:

- Polo artigo 15, do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por o que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Asemesmo rexerese polo establecido no Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de data 08/01/2024).

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de oposición.

1.4. O anuncio da presente convocatoria e as bases íntegras publicaranse no BOP, no taboleiro de anuncios do concello de Samos e no da súa sede electrónica (enlace [concellosamos.sedelectronica.gal](#)).

Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada (6 meses) a xornada completa na modalidade de eventual polas circunstancias da produción, para atender á acumulación de tarefas previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

3. FUNCIONES

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultas do proceso de selección o constituirá a realización de obras, servizos e actividades no territorio municipal que respondan a necesidades urxentes e inaprazables que afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento a distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

En particular, as seguintes:

- Acondicionamiento, mantemento, conservación e limpeza de infraestructuras, edificios e instalación de titularidade municipal.
- Colaborar con outros departamentos en distintas tarefas da actividade municipal.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, neste marco xeral, respectando a súa categoría profesional, para unha máis organizada e eficiente desenvolvemento das tarefas e prestación dos servizos municipais.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias (documento xustificativo de pagamento de taxas para expedición do título cando aínda non se dispoña do mesmo), do Certificado de escolaridade ou equivalente ou titulación superior, o cal se deberá acreditar mediante documento oficial fidedigno expedido polo Organismo competente. No caso de titulacións

obtidas no estranxeiro, na data de remate do prazo de presentación de instancias deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

f) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 8ª.

g) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello. (clausula 11ª.1 das bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024).

h) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

5. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases e dirixirase á Sra. alcaldesa do concello de Samos, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria e das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa instancia solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.

Para o caso de que o aspirante cumpra o requisito da nacionalidade nos termos establecidos na letra a.3) da base 4ª, adicionalmente deberá presentar a documentación acreditativa do vínculo de parentesco xunto coa declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Documentación acreditativa do requisito de titulación esixido nas bases.

c) Tarxeta de demandante de emprego.

d) Permiso de conducir tipo B.

e) Acreditar o coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, realizará un exame de galego nos termos sinalados na base 8ª.

f) No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

A documentación poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se envíe a documentación polos medios do art. 16.4 da Lei 39/2015, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia co selo da presentación na oficina de correos/ou Rexistro Xeral de Entrada correspondente ao correo electrónico concello.samos@gmail.com.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución no prazo máximo de tres (3) días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e no da sede electrónica e abrirase un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de tres (3) días hábiles levando a definitiva a lista de admitidos e excluídos na que se sinalará a composición do tribunal cualificador, adata e hora na que se constituirá. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos pessoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal. O tribunal axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

No mesmo decreto no que se aprobe a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos a alcaldesa nomeará os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e se publicará nos taboleiros de anuncios do concello.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

-Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

-Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

-Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de **oposición**, e o seu resultado será determinado polos obtidos nas seguintes probas (**puntuación máxima 20,00 puntos**):

PRIMEIRO EXERCICIO: Esta parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 de reserva para posibles impugnacións) con tres respostas alternativas nun tempo máximo

de trinta minutos baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I. Só unha das respostas será a correcta, e cada unha acertada puntuarase con 0,50 puntos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

SEGUNDO EJERCICIO: Realización de unha ou varias probas prácticas relacionadas coas tarefas a desempeñar, a proposta polo Tribunal no tempo máximo de quince minutos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

PROBA DE GALEGO: Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen diccionario, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos.

Valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para obter a condición de apto.

Os aspirantes serán convocados aos distintos exercicios provistos do seu D.N.I. en chamamento único. A non presentación comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e, xa que logo, quedara excluído do proceso selectivo.

9. RELACIÓN DE APROBADOS

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica a puntuación total do proceso selectivo, dispoñendo os aspirantes dun prazo de alegacións de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no segundo exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida no primeiro exercicio. De continuar o empate, resolveríase por sorteo público.

De efectuarse alegacións, resolveranse polo Tribunal a efectos da proposta definitiva. De non existir, a proposta provisoria elevarase automaticamente a definitiva. Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente a proposta definitiva para que dite Resolución cos candidatos seleccionados, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha **lista de agarda** dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo máximo de dous (2) días hábiles a partires da Resolución cos candidatos seleccionados para seren contratados, éstos deberán achegar a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- 1) Certificación ou informe médico actualizados na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Copia compulsada da documentación acreditativa da titulación esixida na convocatoria.
- 3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- 4) Número de conta bancaria (IBAN).

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, a Sra. alcaldesa resolverá o proceso e se formalizarán os correspondentes contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

12. IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

Samos, 21 de agosto de 2024.- A alcaldesa, María Jesús López López.

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Samos: Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica, provincial e competencias municipais.

Tema 2

Productos de limpeza. Identificación dos produtos de limpeza. Dosificación. Manipulación. Identificación dos perigos.

Tema 3

Útiles e maquinaria de limpeza.

Tema 4

Limpeza de edificios públicos. Aseos, mobiliario, áreas administrativas, equipos informáticos. Desinfección e ambientación.

Tema 5

Aspectos ecolóxicos da limpeza. Eliminación de residuos.

Tema 6

Limpeza de diferentes superficies: fiestras, cristais, teitos, paredes, diferentes tipos de chan.

Tema 7

Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable para a utilización polos traballadores de equipos de traballo. Condicións xerais de seguridade nos lugares de traballo. Normativa básica de sinalización e de equipos de protección individual. Prevención de riscos laborais.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE UN (1) POSTO DE PEÓN DE LIMPEZA DURANTE 6 MESES, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN AO ABEIRO DO "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO" DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO

D/a provisto/a de D.N.I. nº
 con enderezo na R/ nº piso
 C.Postal Localidade Municipio
 Provincia Teléfono

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello de Samos para a contratación laboral temporal a xornada completa, dos postos sinalados,

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade e acepto as bases que rexen a convocatoria, e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral.

TERCEIRO.- Que no caso de ser nacional doutro Estado, non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

CUARTO.- Que autorizo ao concello do Samos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, para o cal presento a documentación seguinte (MARCAR O QUE PROCEDA) :

oDNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

oNo seu caso, documentación acreditativa do requisito da nacionalidade á que se refire a base 4ª, letra a.3).

oPermiso de condución en vigor tipo B.

oAcreditación do coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

oDocumentación acreditativa de estar en posesión (ou en condicións de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias) da titulación esixida na convocatoria.

oDocumentación acreditativa do cumprimento do requisito de demandante de emprego.

o No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

....., de..... de 2024

O/a solicitante,

Asdo.:

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SAMOS

XOVE

Anuncio

Resolución de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo excepcional para o ingreso como funcionario de carreira de unha (1) praza de Educador/a social, polo sistema de concurso, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización (BOP Lugo nº 108 do 12 de maio de 2022).

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía de data 21-08-2024 a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para o proceso selectivo excepcional para o ingreso como funcionario de carreira de unha (1) praza de Educador/a social, polo sistema de concurso, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización (BOP Lugo nº 108 do 12 de maio de 2022), co seguinte alcance:

<u>ADMITIDOS/AS</u>	<u>DNI</u>
María Cristina Escourido Rapa	xxxx526xx
Lucía Pedrido Rodríguez	xxxx469xx

<u>EXCLUIDOS/AS</u>	<u>DNI/NIE</u>	<u>Causa/s motivadora/s da exclusión:</u>
Angélica Casabella Quelle	xxxx946xx	1
Cristina Martínez López	xxxx308xx	2

*** Código causa de exclusión provisional:**

1.- Non aporta documentación requirida na base QUINTA.1 b), titulación académica esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

2.- Non aporta a documentación requirida na base QUINTA.1 c), certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, nos termos reflectidos na Base Terceira.8º.

O que se fai de conformidade co disposto nas bases da convocatoria excepcional referenciada, aos efectos de que durante o prazo de dez (10) hábiles os aspirantes excluídos poidan emendar as faltas ou acompañar os documentos preceptivos que motiven a súa non admisión.

Así mesmo, mediante a citada Resolución, aprobouse a composición do Tribunal que debe xulgar os correspondentes méritos:

MEMBROS	IDENTIDADE
PRESIDENCIA	Elena Santos Rey, Interventora do concello de Xove
SUPLENCIA	Rosa Lage Canoura, Técnico Local de Emprego do concello de Xove
VOCALÍA	Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos concello de Xove
SUPLENCIA	Sonia Peloché Vilar, Educadora Escola Infantil concello de Xove
VOCALÍA	Ana de la Barrera Vila, Traballadora Social do concello de Xove
SUPLENCIA	María Jesús López Candia, Educadora e Directora escola infantil concello de Xove
VOCALÍA	Lucía Sánchez Meitín, Socióloga do concello de Xove
SUPLENCIA	Concepción Ben Fraga, Educadora Escola Infantil concello de Xove
SECRETARÍA	Víctor Voces López, Secretario do concello de Xove
SUPLENCIA	Fátima López Soto, Arquitecta Técnica concello de Xove

Toda esta información estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello.
Xove, 21 de agosto de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2528
